

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Decreto 272/1992, do 14 de maio, de modificación do Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamiento da Escola Galega de Administración Pública.*

O Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG do 25), polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma, establece que un dos membros dos tribunais que xulgáran probas selectivas que se convoquen no ámbito da Administración autonómica sexa proposto pola Escola Galega de Administración Pública. Como é obvio, esta nova competencia non figura na normativa que regula a EGAP, por ser esta de datas anteriores á citada disposición.

Por outra parte, ó anteriormente exposto engádese a necesidade de clarifica-la competencia na proposta de nomeamento de vocais nos tribunais que actúan nos procesos de selección de funcionarios da Administración local sen habilitación de carácter nacional, trala modificación que nese ámbito se produciu coa aprobación do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño. Neste aspecto cómpre ter en conta o criterio maioritariamente expresado polas corporacións locais, que solicitan da EGAP a proposta de nomeamento de membros de tribunais que xulgan as probas de selección do persoal antes citado.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catorce de maio de mil novecentos noventa e dous,

### DISPOÑO:

Artigo único.—Modifícase o artigo 15 do Decreto 306/1990, do 24 de maio (DOG do 12 de xuño), polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamiento da Escola Galega de Administración Pública, que queda redactado como segue:

«Correspóndenlle ó director da escola as seguintes atribucións:

- a) Ostenta-la representación ordinaria da escola.
- b) Preparar e executa-los acordos do Consello Rector.
- c) Dirixi-los servicios e exerce-la xefatura de persoal da escola.
- d) Exerce-la xestión presupostaria da escola, dispondo os gastos e propondo a ordenación dos pagamentos.
- e) Elabora-lo anteproxecto do presupuesto anual da escola para sometelo á aprobación do Consello Rector.
- f) Proporlle ó Consello Rector o plan anual de actividades.

g) Prepara-la memoria de actividades da escola para o seu sometemento ó Consello Rector.

h) Coordina-lo desenvolvemento das actividades da escola.

i) Expedir diplomas e certificados acreditativos dos estudos realizados na escola.

j) Propo-lo nomeamento de un membro dos tribunais nas probas selectivas que se convoquen para o acceso a corpos e escalas de funcionarios pola Administración da Comunidade Autónoma.

k) Propo-lo nomeamento do membro dos tribunais calificadores das probas de selección dos funcionarios da Administración local sen habilitación de carácter nacional, que representa a EGAP.

l) Dirixir, impulsar e supervisar o cumprimento dos fins e actividades da escola.

m) Todas aquelas que non estean expresamente conferidas ó Consello Rector.»

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catorce de maio de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

Consellería da Presidencia e Administración Pública

### Cesamentos:

*Decreto 273/1992, do 17 de setembro, polo que se dispón o cesamento, como membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia, de Carlos Vázquez González.*

En virtude do establecido no artigo 8 da Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de setembro de mil novecentos noventa e dous,

Dispoño o cesamento de Carlos Vázquez González como membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia.

Santiago de Compostela, dezasete de setembro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública